

**Expediente núm.:** 1285/2022

**Procedemento:** Procedemento de selección de dúas persoas cobradoras para as piscinas municipais. Subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade 2022.

**BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE DE DÚAS PERSOAS COBRADORAS PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS. SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE 2022.**

### 1.- OBXECTO:

As presentes bases teñen por obxecto establecer o proceso selectivo e a regulación da contratación de **dúas persoas cobradoras para as piscinas municipais**, a tempo completo mediante contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social e coas percepcións que resultan da valoración efectuada ao respecto para a subvención outorgada, no marco da subvención concedida ao Concello de Salceda de Caselas por parte da Consellería de Emprego e Igualdade ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG núm. 21 do 1 de febreiro de 2022).

As características e funcións do posto son as seguintes:

<b>Denominación:</b> Cobrador
-------------------------------

**Número de prazas:** Dúas (2)

**Retribucións:** Mil douscentos sesenta e oito euros con doce céntimos (1.268,12€) mensuais (pagas extras incluídas)

**Lugar de Traballo:** Piscinas municipais

**Concellería dependente:** Deportes

**Duración:** 2 meses dende a formalización do contrato.

De xeito non exhaustivo, ás **funcións do posto** a desenvolver son as seguintes:

- Tarefas relacionadas maioritariamente co control de accesos á piscina municipal, cobros e control de tickets, control de cumprimento das normas de uso e seguridade na piscina municipal, apertura e peche das instalacións, ...
- Outras tarefas relacionadas co posto de traballo que, no seu caso, se lle puidesen encomendar.

### 2.- PUBLICIDADE.



As presentes bases estarán expostas ao público no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal (<https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board/>) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias. O Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal será o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

De presentarse reclamacións ás bases no período indicado -que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal será igualmente o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que se deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

### **3.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:**

Para tomar parte na selección será preciso reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de instancias, e que estean debidamente xustificadas:

- Nacionalidade:
  - Ser español/a ou nacional de un Estado membro da Unión Europea ou dos restantes Estados parte do Espazo Económico Europeo.
  - Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxuxe de españois/as, de nacionais de Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os/ as do seu cónxuxe, sempre que non estean separados/ as de dereito, que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
  - Ser nacional dalgún Estado ao que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
  - Os e as estranxeiras que residan legalmente en España conforme coas normas legais vixentes.

- Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria para a que se presenta.
- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- Ser desempregado inscrito so Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e que esté dispoñible para o emprego. **Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.**
- Ser convocado pola Oficina de Emprego de O Porriño mediante notificación deste organismo.
- Non ter sido contratado polo Concello de Salceda de Caselas nos últimos doce meses mediante un contrato temporal.
- Non ter sido contratado por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.
- Titulación: non se esixe ningunha titulación prevista no sistema educativo.

#### 4. DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O Concello de Salceda, de acordo disposto no artigo 14 das Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais (DOG núm. 21 do 1.02.2022), terá solicitado os traballadores e traballadoras desempregados/as acordes ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na oficina de emprego de Porriño.

Esta oficina realizará unha sondaxe de demandantes que cumpran as condicións anteriormente citadas aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer a mesma.

O Concello de Salceda resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un *ratio* mínimo de cinco candidatos/as interesados/as por posto a seleccionar.

**Os/as candidatos/as remitidos polos servizos públicos de emprego que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar nunha instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Salceda de Caselas segundo o modelo do Anexo I destas bases, que deberá ser entregada a través da sede electrónica municipal (<https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal/>) ou de forma presencial no Rexistro Xeral do Concello de Salceda de Caselas con data límite o 15 de xuño de 2022.**

No caso de que a instancia non se presente directamente no Rexistro Xeral do Concello e o/a aspirante opte calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/15, deberá avisar ao Concello da presentación da solicitude mediante o envío dun correo electrónico ao enderezo electrónico [secretaria@salcedadecaselas.gal](mailto:secretaria@salcedadecaselas.gal) cunha copia da instancia na que figure a data de presentación no rexistro correspondente e deberá facelo con anterioridade ao remate do prazo aos efectos de que poida ser admitida. O aviso deberá efectuarse dentro do prazo de presentación das solicitudes.

Xunto coa instancia (Anexo I) deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia compulsada do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Certificado ou informe de períodos de inscrición como demandante de emprego.
- Anexo II. Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias, non téndose en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.
- Anexo III. Declaración de non ter sido contratado por un periodo igual ou

superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas. E declaración de non haber traballado para o Concello de Salceda de Caselas nos últimos doce meses contados dende a data de presentación da solicitude.

- Informe médico ou certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.
- Copia compulsada da tarxeta da seguridade social.
- Certificado orixinal de titularidade de conta bancaria.
- **Anexo IV.** Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- **Anexo V.** Declaración de responsabilidades familiares (**entregar só no caso de ter persoas a cargo**).
- No caso de entregar o Anexo V deberá acompañar **copia compulsada do libro de familia e volante de empadramento** (en caso contrario non se terán en conta as cargas familiares).

A non presentación da instancia asinada ou dos documentos anteriores que así o requiran será motivo de exclusión.

Se o Concello considera que o certificado médico aportado non é o suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, entón o/a aspirante proposto/a deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o Concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase o certificado médico, este fose desfavorable ou o informe da mutua (en caso de ter que pasala revisión) tamén fose desfavorable, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza, quedando anuladas tódalas súas actuacións. Neste suposto procederáse a chamar á persoa seguinte da lista (segundo a orde de puntuación resultante do proceso selectivo), tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, a circunstancia contemplada no presente artigo.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Por outra banda a efectos de quedar exento da realización do exercicio de coñecemento da lingua galega obtendo a cualificación de apto, os/as aspirantes que o desexen deberán presentar o título orixinal ou cotexado acreditativo de estar en posesión do CELGA 1. Esta presentación realizarase preferentemente xunto coa solicitude de participación se ben o tribunal de selección poderá admitir o documento citado en calquera momento anterior a realización da proba de coñecemento da lingua galega.

Os/as aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, deberán facelo constar na solicitude a fin de ter en conta a previsión para as adaptacións de tempo e medios procedentes, para garantir a igualdade de oportunidades cos/cas restantes participantes. Para iso achegarán xunto coa solicitude certificación da Consellería competente en materia de política social ou órganos competentes doutras Administracións Públicas que acredite discapacidade igual ou superior ao 33% e, se procede por adaptación de tempos, ditame Técnico Facultativo.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Os/as aspirantes quedan vinculados/as ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

## **5.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.**

O tribunal será o encargado de recibir e comprobar a presentación polos/as candidatos/as da documentación presentada e de realizar unha valoración preliminar das solicitudes.



Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as no procedemento selectivo, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, xunto con esta lista o Tribunal publicará a valoración dos méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes.

Esta resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/as aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

Igualmente se en calquera momento da tramitación do proceso de selección se comprobase que o/a aspirante carece deses requisitos malia figurar incluído na lista de admitidos/as será excluído/a inmediatamente.

## **6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, estará integrado polos seguintes membros, todos eles con voz e dereito a voto excepto o Secretario:

**Presidente/a:** un/ha funcionario/a da Corporación e suplente designado pola Presidenta da Corporación.

**Secretario/a:** un/ha funcionario/a do concello (sen voto), e suplente designado pola Presidenta da Corporación.

**Vogais:** tres membros (persoal funcionario ou laboral), e suplentes designados polo Presidente da Corporación.

Segundo o recollido no art. 60 Do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de alguén.

A composición efectiva do tribunal farase pública no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica (<https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board>), integrando na resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os/as membros/as da comisión de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, os cales se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros/as con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a, esta última persoa sen voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Os/as membros/as do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

O Tribunal deberá dar publicidade a cada unha das fases, e dentro das mesmas a cada unha das subfases, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello. En ditos anuncios, deberase fixar o prazo para realizar alegación dos/as aspirantes as cales deberán ser resoltas, en todo caso, antes do fin do proceso selectivo.

## **7.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**



O sistema selectivo será o **concurso-oposición** e a presente convocatoria será obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Salceda de Caselas (<https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board//>).

Os actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal.

A puntuación máxima total da fase de concurso de méritos será de 20 puntos. Pola súa parte, a puntuación máxima total da fase de oposición será de 30 puntos.

Polo tanto, a puntuación máxima total das dúas fases (concurso e oposición) será de 50 puntos.

### 7.1. FASE DE CONCURSO DE MERITOS (de 0 a 20 puntos):

A primeira fase consistirá na baremación dos méritos presentados polos/as aspirantes segundo as regras do “baremo xeral de méritos”.

Os méritos aos que fai referencia o baremo deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data.

A puntuación máxima que se poderá obter no baremo de méritos será de 20 puntos.

O baremo xeral de méritos aplicado na valoración de méritos será o seguinte:

1. Circunstancias persoais(puntuación máxima neste apartado será de 13 puntos)::

CIRCUNSTANCIA	FORMA DE ACREDITACIÓN	PUNTOS
Por ter a condición de vítima de violencia de xénero	Para acreditar esta condición poderá facelo por calquera das seguintes formas de conformidade co artigo 5 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero: a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou o secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar. b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller	2,50

	<p>sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na presente lei.</p> <p>c) Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.</p> <p>d) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.</p>	
Por ser muller	NIF ou documento equivalente	1,50
Por ter menos de 30 anos	NIF ou documento equivalente	1
Desempregados/as de larga duración ( <b>criterio a seguir:</b> máis de doce meses desempregado/a nos últimos dezaoto meses ata a data de aprobación destas bases)	Certificado ou Informe de períodos de inscrición como demandante de emprego	1,50
Persoas con discapacidade igual ou superior o 33% non impeditiva para realizar o posto de traballo solicitado	Certificado de discapacidade emitido por organismo público competente na materia.	1,50
Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito	Certificado do Servizo Público de Emprego	1,50
Persoas desempregadas maiores de 45 anos	NIF ou documento equivalente	1,50
Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA)	Informe de servizos sociais do Concello de Salceda de Caselas	1,50
Responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a	Declaración según anexo V, copia compulsada do libro de familia, e volante de empadramento (o concello poderá solicitar en calquera momento un	1 punto por persoa a cargo ata un



cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento	ao interesado que acredite a falta de ingresos de cada un dos membros da unidade familiar ou persoa a cargo a través de certificados dos distintos organismos públicos: seguridade social, servizo público de emprego, vida laboral, ...)	máximo de 3 puntos
---	---	--------------------

2.- Formación especializada (puntuación máxima neste apartado será de 5 puntos):

<b>FORMACIÓN ESPECIALIZADA (ata 5 puntos)</b>		
Relacionada co posto de traballo	<p>Cursos de postgrao, másters ou cursos en materias que se encontren relacionados directamente coas funcións do posto ao que se opta e foran impartidos por Administracións Públicas ou organismos dependentes delas, organizacións empresariais, sindicais, profesionais ou Universidades.</p> <p>No caso de ser impartidos por empresas privadas, deberán estar debidamente homologados ou avalados por un organismo público.</p>	<p>0,01 puntos por hora</p> <p>(máximo 5 puntos)</p>

3.- Outra formación (puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos):

<b>OUTRA FORMACIÓN (MÁXIMO 2 PUNTOS)</b>		
Idioma Galego	- Polo coñecemento <u>acreditado do idioma galego</u> (só se valorará o grao superior alegado):	Celga 1: 0,10 puntos
		Celga 2: 0,15 puntos
		Celga 3: 0,20 puntos
		Celga 4: 0,25

		puntos
		Celga 5: 0,30 puntos
Permiso de conducir clase B ou superior	- Permiso Clase B	- 0,50
Prevenición de riscos laborais	- Só se valorará o curso máis alto xustificado	0,01 puntos por hora (máximo 1.20 punto)

Non será obxecto de puntuación a asistencia a xornadas, simposios, conferencias ou congresos.

Só se computarán os cursos realizados nos últimos 15 anos a contar ata a data de publicación destas bases.

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos valoraranse con 0,01 puntos.

No suposto de que non todas as materias impartidas no curso ou xornada teñan relación co posto ao que se opta, valorarase con 0,01 puntos independentemente do número de horas.

Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos recibidos ou impartidos cando este non se deducise da propia denominación dos cursos. Cando se presenten xustificacións de cursos con contidos substancialmente similares, só se valorará o de maior duración.

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse documentación xustificativa de ter finalizado satisfactoriamente o curso, ben sexa a través dun exemplar orixinal ou mediante copia compulsada do informe emitido pola persoa responsable ou coordinadora do curso, de orixinal ou copia compulsada do certificado do curso, ou de copia compulsada do diploma expedido pola entidade organizadora (calquera destas xustificacións é válida).

No suposto de que o curso non se rematase por abandono ou porque aínda se estea impartindo, entón puntuaranse os módulos terminados satisfactoriamente, en funcións das horas asistidas.

O Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal a relación de puntuacións outorgadas establecendo un **prazo de tres (3) días hábiles** para reclamacións nas puntuacións establecidas. Unha vez rematado o devandito prazo, de presentarse reclamacións ou alegacións serán estudadas polo Tribunal o que estimará ou desestimarán, procedéndose á publicación das puntuacións definitivas no Taboleiro

de Anuncios da sede electrónica do Concello e, complementariamente, na páxina web municipal.

## **7.2. FASE DE OPOSICIÓN (de 0 a 30 puntos).**

A fase de oposición consistirá na realización de dous exercicios obrigatorios e eliminatorios cunha puntuación máxima de 30 puntos.

Para a realización de cada proba se accederá previo chamamento único.

Todos/as os/as candidatos/as que concorran á realización das probas, deberán ir provistos/as do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización das probas.

Os/as aspirantes serán chamados/as para a realización das probas na data, hora e lugar indicados nun único chamamento, quedando excluídos/as do proceso os/as que non comparezan.

O Tribunal, en función dos/as aspirantes presentados/as, distribuirá o inicio da realización das respectivas probas.

Os/as aspirantes deberán vir provistos de bolígrafo para a realización dos exercicios escritos.

### **A) PRIMEIRO EXERCICIO: PROBA DE COÑECEMENTOS PROFESIONAIS.**

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Os/as aspirantes serán convocados para a realización dunha proba práctica no día, hora e lugar que se estableza na resolución na que se publique a relación de puntuacións outorgadas na fase de concurso de méritos.

A proba práctica consistirá en executar diante do Tribunal e coas ferramentas, materiais e maquinaria propias de cada posto, dun ou varios casos prácticos relacionados coas funcións do posto de traballo. En todo caso, durante a execución da proba o Tribunal poderá formular preguntas oralmente ao/á aspirante relacionadas co/s exercicio/s práctico/s que se encontre executando.

En todo caso e, para todos os postos de traballo convocados, o tempo concedido para o desenvolvemento desta proba práctica será determinado polo Tribunal de valoración con anterioridade á realización do mesmo.

**A proba calificarase de 0 a 30 puntos, sendo eliminados os/as aspirantes que non**  
13



academ un mínimo de 15 puntos.

## **B) SEGUNDO EJERCICIO: PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Os/as aspirantes que teñan superado a proba práctica anterior deberán realizar unha proba de coñecemento da lingua galega que poderá consistir nunha serie de preguntas orais ou nun exercicio escrito de tradución de castelán a galego dun texto seleccionado polo tribunal. Esta proba de coñecemento da lingua galega poderá ser realizada a continuación da proba práctica de coñecementos profesionais ou no día, hora e lugar que sinale o Tribunal. En todo caso, a valoración deste exercicio será de **apto** ou **non apto**.

O tempo máximo da proba será de media hora.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten ao Tribunal, antes da realización da proba, a posesión do CELGA 1.

Tamén estarán exentos os/as aspirantes que acrediten o título orixinal ou cotexado acreditativo de estar en posesión do Certificado en Lingua Galega de nivel superior ao que se lle esixa nesta convocatoria para o posto de traballo ao que opten.

Esta presentación realizarase preferentemente xunto coa solicitude de participación se ben o tribunal de selección poderá admitir o documento citado en calquera momento anterior a realización da proba de coñecemento da lingua galega.

Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditan con antelación á realización da proba estar en posesión do título acreditativo do CELGA 1.

## **8.- CUALIFICACIÓN E PROPOSTA.**

Rematada as dúas fases anteriores o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello a relación dos/as candidatos/as por orde da puntuación obtida, coa indicación da puntuación acadada en cada unha das fases do proceso selectivo. En caso de empate seguiranse as regras establecidas ao efecto na **base 10 desta convocatoria**.

O Tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Alcaldía para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal.



## 9.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Formalizaranse os contratos entre a Alcaldía do concello e os/as aspirante/s seleccionados/as para cada posto de traballo convocado.

Ata que se formalicen os contratos e se incorporen a cada posto os/as aspirantes non terán dereito á percepción económica algunha.

O acordo definitivo que adopte Alcaldía será publicado no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición social.

## 10.- CRITERIOS EN CASO DE EMPATE NA PUNTUACIÓN ACADADA

Para o caso de empate na puntuación final, daráselle preferencia a aquel candidato que primeiro cumpra algún do seguintes criterios:

- 1- Non estar cobrando prestación ou subsidio por desemprego.
- 2- Nunca houbese traballado para o Concello de Salceda de Caselas.
- 3- Teña unha maior puntuación no epígrafe “circunstancias persoais”.
- 4- Teña a maior antigüidade inscrito no Servizo Público de Emprego.
- 5- Teña maior puntuación no apartado de formación especializada (de ser o caso, sen ter en conta o límite dos cinco puntos).

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello.

## 11. CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABAJO.

Os/as aspirantes que superen todo o proceso selectivo e non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo do posto ao que optasen, de tal maneira que, o Concello acudirá a esta bolsa cando necesite algún/ha traballador/a destas características para os mesmos servizos e postos obxecto da presente convocatoria e



sempre que os posto/s a cubrir queden vacantes como consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias,

- Baixa por IT, do/a titular (contrato de interinidade).
- Baixa por maternidade da titular máis o permiso por lactación cando se acumule en xornadas completas (contrato de interinidade).
- Vacacións, permisos ou descansos do/a titular (contrato de interinidade).
- Vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por non superación do período de proba (contrato de servizo determinado), ou por calquera outro motivo.

Nestas circunstancias acudirase a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ao/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto tres das bases da convocatoria; o que suporá pasar ao final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar enfermo/a o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

Así mesmo, pasarase a chamar ao/á seguinte da lista, no suposto de que algunha persoa seleccionada para o posto non xustifique a documentación que se lle requira ao efecto, quedando excluído/a definitivamente da bolsa.

O chamamento para a prestación de servizos realizarase a medida que se produzan necesidades cuxa cobertura sexa solicitada. Realizarase a localización por teléfono e/ou vía sms, realizándose un máximo de 3 intentos de chamada, durante o mesmo día e cunha diferenza das chamadas de 2 horas entre sí. No seu caso, enviarase un correo electrónico para que o/a interesado/a se poña en contacto co Concello no prazo máximo outorgado. No procedemento habitual o/a interesado/a deberá dar unha contestación no prazo máximo de 48 horas. En función da urxencia de cobertura do posto, este prazo poderá reducirse a 24 horas.

En caso de rexeitar a oferta de traballo, esta quedará documentada mediante escrito do/a aspirante, dirixida ao Sr. Alcalde e presentada no Rexistro Xeral do Concello nun prazo de 24 horas. Este escrito poderase substituír por unha dilixencia do/a empregado/a municipal deixando constancia do acontecido.

Se fose necesario acudir á bolsa, a modalidade contractual que se empregará para contratar dito persoal para os tres primeiros dos supostos descritos será de interinidade, polo tempo que dure a ausencia do/a traballador/a substituído/a con dereito a reserva do posto de traballo, e para o último dos supostos utilizarase o mediante contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, condicionado á subvención recibida.

A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado saio abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as





axudas e subvencións para o fomento e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais.

### ANEXO I - MODELO DE INSTANCIA

D/  
a \_\_\_\_\_ pr  
ovisto/a de D.N.I núm. \_\_\_\_\_ con enderezo en a efectos de  
notificación en \_\_\_\_\_ -  
\_\_\_\_\_ n° \_\_\_\_\_ piso \_\_\_\_\_  
porta \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_ Localidade \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ Municipio \_\_\_\_\_ Provincia \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ Teléfono. \_\_\_\_\_  
Correo electrónico \_\_\_\_\_

Enterado/a que o Concello de Salceda de Caselas pretende cubrir o posto de traballo de 2 persoas cobradoras nas piscinas municipais ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais

#### **DECLARO:**

- 1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a ao referido concurso, e comprométo-me a someterme ás bases que o regulan.
- 3º.- Que desexo que o texto dos exames se realice en (marcar cunha X):

Galego

Castelán



Xunto coa instancia, achego a seguinte documentación:

MARCA R	DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA
CUN X	
	Copia do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade, compulsada.
	Certificado de períodos de inscrición coma demandante de emprego.
	<b>Anexo II.</b> Relación de <u>méritos</u> que alega e documentación xustificativa de cada un deles.
	<b>Anexo III.</b> Declaración de non ter sido contratado por un periodo igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas. E declaración de non haber traballado para o Concello de Salceda de Caselas nos últimos doce meses contados dende a data de presentación da solicitude.
	<b>Anexo IV.</b> Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
	<b>Anexo V.</b> Declaración de responsabilidades familiares (só se entrega en caso de ter ca familiares)
	Copia compulsada do libro de familia (só no caso de entregar o Anexo V)
	Volante de empadramento (so no caso de entregar o Anexo V)
	Informe médico ou certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta.
	Copia compulsada da tarxeta da seguridade social

Certificado orixinal de titularidade de conta bancaria
--

Salceda de Caselas, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Asdo: \_\_\_\_\_

**SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS**

## ANEXO II

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

Enterado/a que o Concello de Salceda de Caselas pretende cubrir o posto de traballo de 2 persoas cobradoras nas piscinas municipais ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais

NOME E APELIDOS	
Nº DNI	
POSTO AO QUE SE OPTA	

#### **DECLARO:**

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

No caso de ser nacional doutro Estado, de non estar inhabilitado ou en situación

19



equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Salceda de Caselas, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Asdo: \_\_\_\_\_

### ANEXO III

#### RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN

Enterado/a que o Concello de Salceda de Caselas pretende cubrir o posto de traballo de 2 persoas cobradoras nas piscinas municipais ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais

NOME E APELIDOS	
Nº DNI	

#### RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN:

- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 





Salceda de Caselas, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Asdo: \_\_\_\_\_

**ANEXO III**  
**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONTRATACIÓN**

NOME E APELIDOS	
Nº DNI	

De conformidade coas bases que regulan o proceso de selección de de 2 persoas cobradoras nas piscinas municipais ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais

**DECLARO:**

**Primeiro**, que nos últimos doce meses non tiven contrato laboral co Concello de Salceda de Caselas.

**Segundo**, non ter sido contratado por un periodo igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras



desempregadas.

Salceda de Caselas, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Asdo: \_\_\_\_\_

#### ANEXO IV

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN MOTIVOS DE INCOMPATIBILIDADE

NOME E APELIDOS	
Nº DNI	

De conformidade coas bases que regulan o proceso de selección de 2 persoas cobradoras nas piscinas municipais ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais

#### **DECLARO:**

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.



Salceda de Caselas, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Asdo: \_\_\_\_\_

### ANEXO V DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADES FAMILIARES

Enterado/a que o Concello de Salceda de Caselas pretende cubrir o posto de traballo 2 persoas cobradoras nas piscinas municipais ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais

Só en caso de ter persoas a cargo e que formen parte da unidade familiar (a unidade familiar está composta pola persoa que opta ao posto, polo cónxuxe e os seus fillos menores de 26 anos ou maiores con discapacidade ou menores acollidos, e persoas maiores incapacitadas).

NOME E APELIDOS	
Nº DNI	
POSTO AO QUE SE OPTA	

**DECLARO:**

- Formar unha familia monoparental con fillos a cargo:  SI  NON
- Ter ao meu cargo as seguintes persoas que **non perciben** ningún tipo de ingreso:

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	NIF	DATA DE NACEMENTO




Salceda de Caselas, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Asdo: \_\_\_\_\_

